

POLÍTICA DE PRIVACIDADE DO SERVIZO

- Esta Política de Privacidade está presidida polo cumprimento da lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal: **Lei Orgánica 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal (LOPD).**
- **Este servizo de Asesoría WhatsApp** é proporcionado pola Empresa Desenvolvemento Local Galego S.L. (DELOGA), entidade que desenvolve o proxecto da Deputación da Coruña “Suprime o Control”.
- Este servizo está dirixido a mozos e mozas de entre 13 e 17 anos.
- A finalidade do **Servizo** é proporcionar un asesoramento en materia de Violencia de Xénero de carácter anónimo e confidencial, polo que as conversas mantidas por WhatsApp non requiren de identificación previa e son de carácter privado. Aconséllase non introducir ningunha información de tipo persoal (nome, apelidos, D.N.I, etc.) durante o transcurso da conversa.
- Os asuntos e o número de consultas poderán conservarse con fins estatísticos e de mellora do **Servizo**.
- O **Servizo** poderá solicitar a dirección de correo electrónico en caso de consultas que non poidan ser resoltas de forma inmediata ou sexa necesaria unha resposta detallada e extensa.
- Garántese a empresa encargada de proporcionar o servizo (DELOGA) non compartirá con terceiras partes calquera información persoal que poida incluírse na conversa.
- O número de teléfono a través do que se faga a consulta non se almacenará nos contactos do terminal empregado para a asesoría nin se proporcionará a terceiros.
- Ao empregar a aplicación WhatsApp estás aceptando as súas condicións legais e política de privacidade. <https://www.WhatsApp.com/legal/?l=es>